

Punto Limpo  
Móbil 100%  
eléctrico en  
Salvaterra



Páxina XII

Nova ordenanza  
da Praza de  
Abastos de Tui



Páxina XIII

III Encontro  
dos viños  
da Raia



Páxina XIII

PSOE Tomiño  
esixe melloras  
no Centro de  
Saúde



Páxina XIV

Deputación de  
Pontevedra  
reordena as súas  
Vicepresidencias



Páxina XV



## XVII Festival Pórtico do Paraíso en Castro Caldelas, Ourense e Oseira

Páxina VII

### San Nomedio quere seguir libre de eólicos

Páxina XI



## MESÓN DO MANOLO

Menú diario 12 euros  
Fin de semana 16 euros

Hilario Serodio Grande  
(xerente)

Carta: Cordeiro, ameixas, anguías,  
cocido galego (xoves e domingos)

988 22 14 58 . Rúa Greco, 21 . O Couto . Ourense

## OPINIÓN

Por Roberto Mansilla Blanco

## A lección de Portugal

Deberíamos mirar máis a Portugal e, particularmente, a súa situación política. Os medios galegos e españois, así como a súa clase política, pouca cobertura lle dan á actualidade portuguesa. Só parece existir cando veñen eleccións, cando se falan de eternas infraestruturas que non terminan por vir (AVE Vigo-Porto), por mencionar algúns exemplos. Escasean permanentemente nos medios as novas e análises sobre a política portuguesa. E coído que Portugal é importante non só por proximidade xeográfica senón pola súa dimensión ibérica, non moitas veces aquí comprendida e atendida.

Portugal vén de realizar a mediados de marzo eleccións xerais tan apresuradas como inesperadas e sorprendentes. Porque poucos agardaban que un goberno tan aparentemente sólido e con notables niveis de aceptación como o do socialista António Costa renunciara de súpeto por un escándalo (favoritismo en concesións de explotación

de litio) que involucraba ao seu círculo máis próximo. Vendo a riada de escándalos que actualmente pululan na política española (Koldo-Ábalos; Air Europa e Begoña Sánchez; mascarillas de Ayuso), o de Costa parece a priori algo insignificante.

Así e todo, o ex primeiro ministro portugués deu unha lección de ética política, unha condición que precisamente escasea entre os seus contrapartes españois. A súa renuncia valoriza a importancia dunha posición institucional, a de xefe de goberno, por moito que a consecuente convocatoria electoral dera paso a unha complexa situación política, cun goberno de dereitas en mans de Luís Montenegro que moi probablemente deberá gobernar en minoría pero observando un tácito apoio do seu principal opositor socialista.

Porque a pesares das complexidades e dun panorama político fragmentado, Portugal está dando un exemplo de conciliación política entre os seus dous principais partidos, por moito que exista un empate

técnico. Tralas respectivas consultas entre o presidente Marcelo Rebelo de Sousa, e a totalidade das formacións políticas con representación parlamentaria, Montenegro asumiu en minoría o novo goberno.

Así, en Lisboa vemos un goberno de dereitas en minoría pero cunha oposición socialista moi próxima. Un previsible entendemento tácito que conta cunha finalidade clara: preservar a estabilidade institucional ante o impresionante avance da ultradereita de Chega!, o VOX portugués, que pasou de 12 a 50 deputados converténdose na terceira forza política portuguesa.

Visto este panorama, en Lisboa si puideron comprender mellor que en Madrid a necesidade de aplicar unha especie de 'cordón sanitario' para frear o avance dos ultras. E máis cando as eleccións parlamentarias europeas de xuño están á volta da esquina, con igualmente previsibles avances de populismos de dereitas (AfD en Alemaña; Fidesz en Hungría; Agrupación Nacional en Francia; os Demócratas suecos; o Partido da Liberdade nos Países Baixos, a Liga Italiana, o propio Chega! e outros tantos) agora conformados nunha plataforma parlamentaria denominada Identidade e

Democracia. E todo isto sen esquecer as tensións entre Europa e Rusia (cun Putin reelixido como presidente ata 2030) que aumentan a frecuencia de posible confrontación militar.

É ingobernable o Portugal de hoxe? Non necesariamente. Son novos os equilibrios que se abren, cheos de complexidades pero cunha convicción clara para o establishment: tentar manter a estabilidade ante un mar de polarización con ecos trumpistas en marcha nunha Europa lastrada pola polarización e a confusión política.

Fixo ben Costa en renunciar e dar paso a outras alternativas? Cando menos o seu exemplo de ética política debería ser observado con atención e prudencia noutras latitudes e máis na veciña Madrid. Quizáis Sánchez, Feijóo, Ayuso, Puigdemont e Abascal deberían aprender algo de Costa e de Portugal. E aquí en Galicia tamén. E quizáis así teña máis certeza e vixencia aquel dito de 'menos mal que nos queda Portugal'.



Por Baldomero Iglesias Dobarrio. Mero.

## Invisibles ou non nos queren ver?

As veces pregúntome se existimos, se é certo que somos -seica tan só uns cantos habitamos- de aquí, de Galiza. Porque vexo que nos medios e nas voces de moitos listiños non constamos, non nos nomean, non din de nós que somos unha Nación, unha Casa, orixe, pobo, unha terra. Galiza semella unha contradición, unha pregunta no aire da que esquecen nas distancias da lonxincua xeografía. Temos moi marcados signos diferenciais, de todo tipo, e tamén unha morea de dores desas que nunca curan que nos caracterizan tamén e é nesa dor onde facemos irmandade. Mais eu pregunto se existimos porque ultimamente silenciannos moito e con moita frecuencia, iso por riba de quedar baixo múltiples desprezos abandonados tamén da xente que nos goberna, e que saen elixidos masocáticamente. Estamos nese lugar preciso no que se produ-

ciu de todo, sobre todo moitos emigrantes, moita fame, moito traballo precariado, moita mentalidade sometida na extinción demográfica. E por riba no silencio, nos eólicos mal situados e enormes para producir máis, nos encoros asolagadores, na intransixencia, na vergoña, no auto-odio, no desespero fatalista do abandono, na petulancia do privado e da privación de dereitos, nos shows de figuristas que saen nas fotos e na pantalla, nos habituais medios a dicir estupideces e prohibindo a un tempo que as verdades en noticia sexan contadas nos medios públicos creados para tal fin. Si, seguimos nesta prórroga continuísta, subalterna e fatal de catro anos que vive botando a culpa a outros, botando fóra as responsabilidades propias. Catro anos máis son unha eternidade que non se xustifica cos máximos electorais e históricos no medio desta desfeita social

e cultural, demográfica. Pero non entendo como sucede, por máis que me esforzo, ao ver o que vemos nas consultas médicas, nos centros educativos, na xente nova que marcha, nos problemas de cada día, tanto nas cidades coma no rural, na agricultura, na pesca, na industria que se nos vai no medio das estratexias contrarias que desestabilizan e corrompen, nas faltas de previsión do cambio climático, no medio desta crise enerxética e coas contaminacións ideolóxicas, sociais e culturais que nos esperan, cargadas de especulación e estancamentos. Estamos a monte! Que futuro nos queda? Non é crible, certamente precisamos espertar e tomar conciencia para que o futuro se encha de novos recendos, de novas cores, de esperanza. Por iso dóeme tanto que nos silencien, cando falan de Cataluña e do País Vasco e sibilmente esquecen de nós. Dóeme fundamentalmente, o outro día fixoo Zapatero -non é o primeiro, que foron moitos, tamén cataláns e vascos- nun programa da tele espa-

ñola e falando de nacións e nacionalidades. Seica nós non armamos algarabía e por iso non nos saben. Era para soltar pecados. Esas omisións son un insulto á loita desesperada dun pobo, que é, porque somos reais e verdadeiros, que loitamos sen tregua por recuperar o sitio que nos corresponde e que tanta xente - polo visto- lle nega en clave de ocultación desde hai séculos. Semella temos que, unha vez máis, loitar pola nosa existencia para que consideren somos máis que catro provincias. Estamos tapados ou non saltan os sensores das portas de abrir, négannos e castigannos á invisibilidade. Necesitamos que nos dean acción, estado, esencia e substancia, causa, ser e vida. Necesitamos esa relevante inculpación que nos redima das nosas contrariedades e desterros, na propia casa.



**Director:** Guillermo Rodríguez Fdez.  
T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

**Edita:** Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 658 58 50 49

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

**Imprime:** Publicaciones Tameiga S.L.

**Publicidade:** Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

**Fotografía:** Departamento propio

**Deseño e maquetación:** Fran Eiró

**Redactor Xefe:** Roberto Mansilla Blanco.

**Colaboradores:**

**GALIZA:** Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - Pérez Lema - X. Glez. Mtnéz. - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Isidoro Gracia - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Francisco Puñal.

**PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.

**Humor:** Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

Caderno da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

## O efecto Puigdemont

Catalunya será a terceira nación do Estado en anticipar eleccións, convocadas para o 12 de maio, nestes primeiros meses de 2024, logo do noso País (18-F) e de Euskadi, onde se celebrarán o 21-A. No caso do país mediterráneo o president Aragonés xustificou a súa decisión no rexeitamento por parte do Parlamento catalán do seu proxecto de Orzamentos para 2024. ERC só obtivo o acordo co PSC, mais rexeitou negocialos com JuntxsCat e non asumiu a esixencia incondicional dos Comúns de vetar o proxecto Hard Rock Entertainment World no Camp de Tarragona, a carón de Port Aventura.

Un proxecto que xa fora aprobado pola Generalitat hai anos malia que arestora semelle pouco viábel ambientalmente tendo en conta que podería consumir a mesma auga ca a cidade toda de Reus na actual conxuntura de seca na Catalunya. En calquera caso o seu impacto non sería comparable ao desaqueado proxecto de planta industrial de Altri en Palas de Rei e os seus moi negativos potenciais efectos a respecto da miticultura, pesca, marisqueo e industria conserveira da ría de Arousa, e da agricultura e gandería da Ulloa e das bisbarras da conca do Ulla en xeral.

Un proxecto que xa fora aprobado pola Generalitat hai anos malia que arestora semelle pouco viábel ambientalmente tendo



en conta que podería consumir a mesma auga ca a cidade toda de Reus na actual conxuntura de seca na Catalunya. En calquera caso o seu impacto non sería comparable ao desaqueado proxecto de planta industrial de Altri en Palas de Rei e os seus moi negativos potenciais efectos a respecto da miticultura, pesca, marisqueo e industria conserveira da ría de Arousa, e da agricultura e gandería da Ulloa e das bisbarras da conca do Ulla en xeral.

Sen dúbida quen convocou matina

con razón que a amnistía non sería lei até fins de maio e que as terminais na Sala do Penal do Supremo do deep state poderían suspender a aplicación da amnistía mentres o Constitucional e/ou o Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TSXUE) non resolvan as cuestións de constitucionalidade ou prexudiciais que sen dúbida o Supremo lles remesará a respecto da aplicación desta lei orgánica. Porén, a mesma lei di claramente que logo de vixente a amnistía han ser deixadas sen efecto ningún as euroordes e ordes estatais de prendemento ou calquera caste de medidas cautelares. Malia todo é posíbel e mesmo probábel a existencia dalgún risco (sempre de duración temporal) non previsto.

Mais estas forzas, canda a propia prensa madrileña nas primeiras horas despois do anuncio, non se decataron que a decisión de Puigdemont era a de asumir un reto histórico e tentar converter as eleccións nacionais catalás nun plebiscito sobre a súa xestión no exilio dende o 30 de outubro de 2017. Unha xestión baseada na lexitimidade do seu mandato, na ilexitimidade do 155 que aprobaron Rajoy e Pedro Sánchez e no éxito dunha amnistía que non deixa ninguén fora, logo dunha demostración de forza ao vetar o limitado e bastante trapalleiro texto do 30-X que aceptou ERC e que o PSOE dicía irreformábel. Tentar reactivar o desanimado e dividido soberanismo catalán e amosarse o único voto soberanista útil. Deste xeito semella que Puigdemont, como ven de escribir Pilar Rahola, pode ser o candidato que

saiba ler o momentum.

Un momentum que xurde da tripla circunstancia da candidatura do xironés, da aprobación da amnistía e da rendibilidade política da súa negociación co Estado a respecto da desenvolvida pola ERC. Ademais, é difícil albisar Puigdemont xestionando a autonomía, de acadaren un acordo de coalición que permita a súa investidura, ao xeito de Aragonés. Se mobiliza o voto soberanista e non lle ofrece escenarios alén da autonomía actual perdería toda a súa credibilidade entre esse electorado.

Certo é que o PSC amosouse forte nas estatais do 23-X e vai por diante nas sondaxes feitas ate de agora. Mais tamén é verdade que Illa vai ter que loitar coa enxurrada mediática a respecto da súa xestión no Ministerio de Sanidade mercando máscaras e que o PP pode captar dentro do unionismo boa parte do electorado de Cidadans que foi ao PSC nas eleccións catalás de 2021, canda parte do que votou Vox daquela.

Velaí o efecto Puigdemont, que racha coa tendencia da evolución autonómica post procès e enfronta ao electorado soberanista (e mesmo a parte do que está a prol da ampliación do autogoberno) diante do dilema de confiar ou non, outravolta, na vía de dar pasos substanciais cara ao exercicio, máis ou menos regulado, do dereito de autodeterminación nos vindeiros anos.



## Unha coalición instrumental

O bipartidismo dinástico PP-PSOE decidiu, dende as primeiras eleccións ao Parlamento Europeo no 1987, un sistema en colexio electoral único no que gañan representantes os mellores cocientes electorais. Este 2024 son 61, mais dende 2004 até 2019 foron sempre 54. Choca este sistema co doutros Estados compostos, como Bélxica e Italia, onde a circunscrición é territorial ou o sistema británico mentres pertenceu á EU, que escollía os seus deputados por circunscricións nacionais (Inglaterra, Escocia, Gales e Irlanda do Norte). A aposta do unionismo estaba moi clara: que os partidos soberanistas e autonomistas non quitaran representación. A redución a 54 do número de deputados elixidos polo Estado dende 2004 fixo máis precisa a necesidade de artellar coalicións técnicas, coalicións instrumentais, para acadar o obxectivo de ter representación na Cámara que adopta, normalmente en réxime de codecisión co Consello Europeo que integra aos Xefes de Estado e de Goberno dos Estados todos da EU, lexislación que é absolutamente fulcral na regulación da nosa vida social, económica e política.

Velaí que dende as eleccións de 2004 o BNG concorre sempre en coalición técnica com partidos cataláns, vascos e doutros territorios do Estado. E dende entón, nestes 20 anos, este sistema permitiu que o soberanismo galego contase sempre con representación. Dende 2009 foi s candidata



Ana Miranda, desenvolvendo ininterrompidamente, quer a función de eurodeputada, quer a dirección dunha oficina parlamentaria en Bruxelas que desenvolvería a axenda galega dos eurodeputados de quenda da coalición instrumental.

Das resultas desta acaída estratexia o soberanismo galego puído desenvolver unha estratexia de representación de país a prol dos nosos sectores produtivos agro-gandeiros, do noso complexo mar-industria ou dunha investigación neutral da Axencia Ferroviaria Europea a respecto do gravísimo accidente do Alvia en Compostela (24.07.2013) que permitiu a reapertura da causa xudicial. Tamén, entre outras moitas iniciativas, a defensa das persoas consumidoras afectadas polas preferentes, cláusulas abusivas das hipotecas ou residentes en vivendas do banco malo (SAREB). Un labor moi considerábel e máis se atendemos a que foi desenvolvida por unha única representante.

Esta caste de coalicións non comprometeu nunca a independencia da representación galega. Velaí que o eurodeputado de EH Bildu pertenza ao grupo das esquerdas europeas e a do BNG, en

troques, ao grupo que xunta aos verdes coa Alianza Libre Europea, canda partidos soberanistas de Flandres, Sardeña, Corsica, Catalunya, Euskadi e outros moitos territorios, así como co Scottish National Party que goberna Escocia e cos galeses do Plaid Cymru cando o Reino Unido facía parte da EU. O programa electoral é absolutamente independente, canda a candidatura que chega aos colexios electorais, que só amosa as persoas candidatas galegas. A xestión como eurodeputada da candidata só depende dos órganos do BNG, sen que os socios instrumentais interveñan na mesma. E este esquema repítese con cada representante nacional porque a coalición é únicamente técnico-instrumental.

Velaí que manifestacións como as do presidente en funcións Rueda e doutros voceiros do PPde G acusando ao soberanismo galego de estar máis preto do terrorismo ca da cidadanía galega constitúen desaqueadas "boutades" que só tentan agachar a falla de interese e aptitude do PP e da Xunta para defender na UE os intereses galegos en comparanza co potente labor de representación e defensa dos intereses deste País que desenvolveron aló, primeiro Camilo Nogueira e, dende hai case vinte anos, Ana Miranda. Porque a representación do BNG na UE funcionou moito máis en clave de país que partidaria.

## MISCELANEA

Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

## Para sermos máis nós

Sendo xuíz na vila d'A Estrada don Fermín Bouza Brey tomou a decisión de estudar unha segunda carreira, Filosofía e Letras. Foi o primeiro alumno da Universidade de Santiago de Compostela que fixo o exáme escrito en lingua galega en 1931. Enumerar outros exemplos sobardaría o espazo concedido para a publicación deste artigo.

O fomento dos usos lingüísticos nas actividades familiares, profesionais e societais precisan de vontades decididas dispostas a asumiren a parte alícuota que nos corresponde. Adiar esta función é retrasar considerablemente o proceso de galeguización, ao tempo que caldo de cultivo para que se consoliden os complexos lingüísticos diglósicos e liturxias perversas de exercer un galeguismo a tempo parcial, é dicir, restrinxido a determinadas épocas do ano.

O Día das Letras Galega é unha celebración obsoleta, inservible para os retos que ten a lingua galega nos espazos da ciencia, economía, novas tecnoloxías e

outras áreas. A creación literaria puido ser o único medio posible no seu tempo. Hoxe non. Por iso apostamos pola mudanza, denominándoo Día da Lingua Galega.

Cada persoa, independente da súa idade ou profesión, pode ser un dinamizador da lingua galega. A xeito de exemplos enumeramos algunhas actividades que se poderían poñer en práctica. Estas son as propostas que facemos:

1.- Galeguizar os nome e apelidos deturpados. 2.- Procurar que os actos xurídicos documentados (escrituras, testamentos, creación de empresas...) se realicen en lingua galega; incluíndos nos testamentos unha manda de carácter pedagóxico, instando aos herdeiros a aseguraren o futuro do noso patrimonio cultural. 3.- Solicitarlles ás empresas subministradoras de servizos domiciliarios (auga, gas, telefonía...) que galeguicen as comunicacións connosco. 4.- A mesma pretensión manifestarlle ás entidades bancarias e de seguros, e nomeadamente as empresas de decesos para que queden obrigadas mediante a inclusión

dunha cláusula na póliza a realizaren os sepelios en galego (lirtuxia relixiosa e esquelas) 5.- Aquelas persoas que formen parte das directivas de entidades culturais e deportivas deberían fomentar e dinamizar o galego nas súas actividades. 6.- Da mesma maneira, as que participen nas comisións organizadoras de festexos populares deben procurar que o noso idioma e música tradicional teñan a debida presenza decorosa nas programacións.

Hai outras que tamén poden axudar o seu: 7.- Os que formen parte das comisións veciñais de montes en man común, deberan instar ás directivas a que se habilite a correspondente partida orzamentaria para subvencionar ou pagar a totalidade do importe das lápidas mortuorias en galego dos comeneiros falecidos. 8.- Os que sexan propietarios de todo tipo de negocios (bares, restaurantes, cooperativas, comercios...) que galeguicen as súas actividades. 9.- Os afiliados dos sindicatos que demanden dos seus delegados que os convenios colectivos se publiquen en galego, e que neles se inclúa unha cláusula titulada "dereitos lingüísticos dos traballadores e traballadoras", para garantir o uso do idioma

oralmente e por escrito nas relacións laborais e órganos xurisdiccionais; 10.- Cando se presente a circunstancia de intervir nun proceso xudicial testemuñar na vista oral en galego, e instar ao avogado elixido para que a defensa dos nosos intereses se fagan nos procedementos escritos e na oralidade en lingua galega, demandando consonte coa lexislación vixente que se dite en galego a sentenza. 11.- Consumir produtos galegos, e, entre eles, amosar preferenza polos etiquetados en galego. Desta maneira apoiaremos unha economía de noso galeguizada. 12.- Practicar o bilingüismo pasivo como acto de reafirmación: que os nosos interlocutores se expresen en castelán, se queiren, sen que nós renunciemos á nosa levados pola improcedente xustificación da deferencia cos demais.

Propostas que son para realizar na esfera privada. A familia debe ser unha escola de maxisterio galeguizador en todos os momentos, sen vacacións. Non teñamos medo a sermos moi galegos.



Por Nemésio Barxa.

## Mudanza

Durante algun tempo pensava que fronte a muitas travas que representavam neste curioso reino, tanto políticas e de convivencia como jurídicas, parece que tínhamos o resguardo de Europa e como tamén aos galegos aínda nos ficava Portugal, esto fundamentalmente no referente ao Eixo Atlántico, obra no que o Goberno portugués e o PS se mostraram sempre con firmeza incluso fronte à postura dubitativa e demorada do goberno espanhol, que non iniciou ningún traballo necesario para dar inicio a esta importantísima via, que articularía por ferrocarril desde Lisboa (ou desde o Algarve) até A Coruña-Ferrol, tanto em transporte de viaxeiros em AV como de mercancias. O projeto parecia asegurado pois para Portugal resultava de imprescindible necessidade comunicar adecuadamente Lisboa com o Norte, com cidades tão importante como o próprio



Porto e incluso o enlace em território galego. Por isso pareceu uma estupidez que a Presidenta madrilena, num metim com Rueda, fala-se da sua alegria por passear à sombra dos eucaliptos (proibidos em Portugal e plaga na Galiza com a cumplicidade da Xunta) e poder viajar no futuro em alta velocidade de Madrid a Lisboa. O que pare-

cia asegurado de pronto abalou. O empenho do goberno portugués, dirigido polo PS, e os fortes intereses do desenrolo económico do Norte do país parecia outorgar uma determinação irrevogável na obra, iniciada incluso em alguns dos tramos, como Lisboa-Aveiro. Mas o resultado das eleições à Assembleia da República deixa na dúvida o futuro de esta obra, pois na direita portuguesa há opiniões discordantes sobre o maior interesse de eleger o enlace Lisboa-Madrid. Foi de surpresa como a extrema-direita do CHEGA pode pegar um chimpão tão extraordinário, e passara a ser 3ª força, que daria a maioria absoluta à AD se houve-se acordo; mas ainda que AD mantivesse sua promessa de não pactuar com a extrema-direita, seriam várias as opiniões, designadamente a do Alcalde de Lisboa, dentro da direita para defender a opção Lisboa-Madrid. Se na contagem de voto excluímos ao CHEGA resulta que a esquerda (PS, BE, PCP e Livre) supe-

ram em três deputados à direita (AD), insuficientes em ambos caso para obter uma maioria e que sempre necessitariam do Chega com os seus 48 parlamentários. Luís Montenegro (AD) que na campanha rejeitou qualquer colaboração com a extrema-direita, vai assumir em minoria a Presidência do Governo, mas o futuro de este goberno, com o Chega na oposição e mais toda a esquerda, parece incerto e mentras tanto não parece que ocupe demasiado tempo o tema do Eixo Atlántico. Surpreendente é que em Valença do Minho, a euro cidade da parte portuguesa, o Chega fosse a 2ª força mais votada (29'6%), a decimas da AD, mentras na parte galega da Euro cidade (Tui) a direita (PP) obtive um 50%, 34'21 o BNG e 10'27% o PSOE e Vox só um ridículo 2'8%..

Quinta do Limoeiro, abril do 2.024



**Ofero**  
Pequiños

Santa Ana, n. 27  
Ponteareas  
Coba letros: 986 661 326  
Señuxas: 986 661 311

**aceroplus**  
imprenta digital  
IMPRENTA · PUBLICIDAD · WEB

☎ 986 66 03 61  
☎ 604 08 43 68

Paseo Matutino, 29 bj.  
PONTEAREAS

www.aceroplusdigital.com  
info@aceroplusdigital.com

**ALONG GROUP**

- Asesoría de empresas y autónomos.
- Herencias y tramitación de escrituras.
- Gestiones en Tráfico y Transporte.
- Servicios Inmobiliarios y tasaciones.
- Creación de empresas y asesoría de emprendedores.
- Tramitación ayudas y subvenciones.
- Asesoramiento Jurídico.

Avda. Rosalía de Castro, nº 7 (36860) Ponteareas - Pontevedra  
Tel: 896 135 341 / 695 190 794  
info@gruposalong.com www.gruposalong.com

## Proxecto europeo para aplicar a IA no sector agroalimentario

A Xunta avanza no desenvolvemento do proxecto europeo "AgriFoodTEF", unha iniciativa comunitaria que aposta por incorporar intelixencia artificial e tecnoloxía robótica ao sector agroalimentario, e na que o Goberno autonómico participa a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, dependente da Consellería do Medio Rural.

O proxecto, que ten o seu núcleo en Galicia no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) -pertencente á Axencia-, conta cunha dotación para a propia Axencia Galega da Calidade Alimentaria de preto de 890.000 euros -cofinanciado entre a Unión Europea e o Ministerio



de Agricultura, Pesca e Alimentación-.

En conxunto, "AgriFoodTEF" mobilizará un total de 60 millóns de euros entre nove países membros -España, Alemaña, Austria, Bélxica, Francia, Holanda, Italia,

Suecia e Polonia- e conta cunha trintena de entidades participantes. En Galicia, tamén participa a empresa de tecnoloxía Gradient xunto a colaboración activa do centro galego de innovación dixital DIH DataLife.

## Galicia presente no AMIC en Barcelona



O Premio Internacional AMIC celebrado en Barcelona contou coa participación de AMEGA, a través de Xulio Cougil Vázquez, quen dirixe e presenta dous programas de radio en galego titulados "Galegos non Baix" e "Sempre en Galicia" e colabora cos gru-

pos de teatro "Anduriña" (da asociación cultural "Rosalía de Castro" de Cornellá) e "Zarabanda" (de O Penedo, Fogar Galego, de Barcelona). Xulio Cougil tamén é impulsor e colaborador do Premio de Poesía en lingua galega "Rosalía de Castro" de Cornellá.

## Gala dos Vigueses Distinguidos 2024

O Teatro Afundación de Vigo presentou á Gala de entrega dos galardóns de Vigueses Distinguidos e Medalla da Cidade 2024. Este ano foron distinguidos polo seu labor no ámbito educativo o IES A Guía, o CEIP Lope de Vega, o colexio Quiñones de León e o proxecto musical Son das Flores do CEIP Vicente Risco.

No apartado deportivo, o Club Baloncesto Seis do Nadal, o Celta Atletismo e o Club Deportivo Coia, e no ámbito cultural, Emiliano Sotelino, a título póstumo, a Coral Polifónica do Centro Veciñal e Cultural de Valladares, a Coral Polifónica da Sociedade Cultural



Deportiva Atlántica de Matamá e a escritora María Reimóndez. A cidade tamén recoñeceu o traballo da Asociación de Viúvas Demó-

cratas de Vigo. Pola súa parte, as Medallas de Ouro foron este ano ao hospital Ribera-Povisa e á Policía Nacional.

## Abre o Museo de Arqueoloxía na Illa de Ons



A Xunta de Galicia abriu ao público a nova sala de arqueoloxía do Centro de Interpretación de Ons, o primeiro museo dedicado a poñer en valor e divulgar os principais restos patrimoniais, arqueolóxicos e etnográficos atopados na illa no marco das escavacións realizadas nos últimos anos.

A vicepresidenta segunda e

conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en funcións, Ángeles Vázquez, inaugurou a exposición na que salientou os traballos arqueolóxicos impulsados polo seu departamento nos últimos anos e executados polo Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio da UVigo, encabezado polo arqueólogo Adolfo Fernández.

Máis información na nosa web  
[www.novasdoeixoatlantico.com](http://www.novasdoeixoatlantico.com)

**globaltea**  
informática + telefonía

- Ordenadores novos e reacondicionados
- Venta e reparación de móbiles
- Internet low cost: Lowi, O2, Simyo, DIGI

Rogelio Groba Groba, 21. Telf: 986 640 003 - PONTEAREAS  
 R. Victoriano Pérez Vidal, 42-B. Telf: 986 340 528 - SALCEDA  
 Alcalde Casal Aboy, 2. Telf: 986 184 898 - TUI

Bar  
**FUENTEFRÍA**

Afumados  
 Carnes  
 Clásicos  
 Queixos  
 Ensaladas

Rúa Viriato, 6  
 OURENSE



## MISCELANEA

## O bastión galego no Principado honra aos seus máis queridos "curmáns-irmáns"

**Luis Antuña e o Colexio de Médicos, Marcelino Gutiérrez e Alsa reciben o premio da asociación Día de Galicia en Asturias**

**Granda (Siero). Por Víctor Delgado.**

Galicia e o Principado de Asturias volveron declararse o seu "amor incondicional" grazas á Asociación Día de Galicia en Asturias. O colectivo que dirixe Manuel Fernández Quevedo (natural de Nogueira de Ramuín. Ourense) celebrou un xantar e irmandamento con motivo do Entroido. A cita serviu para entregar catro premios. O médico Luis Antuña recibiu unha homenaxe dobre, co carné honorífico do colectivo pola súa traxectoria e a medalla para o Colexio de Médicos, que preside, polo seu 125º aniversario. A segunda medalla foi para Jacobo Cosmen, presidente de Alsa en Asturias, con motivo do centenario da compañía; mentres que o outro honrado co carné foi o director do diario "O Comercio" Marcelino Gutiérrez, a título póstumo, falecido o setembro do ano pasado.

O acto, celebrado no restaurante A Costana de Granda (Siero), estivo

presidido por Alfredo Canteli, alcalde de Oviedo. "Somos máis irmáns que curmáns", chauceou o rexedor sobre a amizade entre Asturias e Galicia. Na mesa presidencial, acompañaron ao rexedor e ao presidente da asociación galega os premiados Antuña e Cosmen, así como a viúva de Gutiérrez, Mari Luz Ania. Pechaban a mesa Marta Suárez, Sina Fonte, Mónica García e Inés García, esposas de Canteli, Quevedo, Antuña e Cosmen, respectivamente.

Noutras mesas, déronse cita Carlos Paniceres presidente da Cámara de Comercio carbayona, Luisa Benvenuty, a que fose xefa superior de Policía de Asturias, e os premiados de anos anteriores como o psicoesteta Ramiro Fernández e Pablo Junceda, director xeneral adxunto do Banco Sabadell Herrero. Tamén houbo un recordo para Pepe Cosmen, pai do actual presidente de Alsa. Fernández Quevedo entregou un ramo de flores á súa viúva, María Victoria Menéndez-Castañedo. Antes

da entrega de placas e medallas, gardouse un minuto de silencio polos gardas civís falecidos en Barbate (Cádiz) e polas vítimas do incendio de Valencia.

Unha vez recollidos os premios, o primeiro en tomar a palabra foi Jacobo Cosmen en nome de Alsa. "Para unha empresa que se dedica a mover persoas, é unha honra que nos premie unha asociación como esta, que estreita lazos ente rexións", destacou. Un dos momentos máis emotivos da velada protagonizouno Mari Luz Ania ao lembrar ao seu esposo. "Aínda asumimos a súa ausencia, pero consólanos todo o amor que recibimos e o exemplo vital que nos deu. Levaremos no corazón esta distinción co maior orgullo", dixo.

Luis Antuña lembrou as súas raíces galegas, provenientes dun dos seus bisavós. "En Asturias hai 7.400 médicos que exercen a súa función e é un privilexio representalos. Este premio é deles", resolveu. Xusto antes de empezar a comer, a música fixo acto de presenza ao son do piano por medio de Tina Gutiérrez, que puxo un broche de ouro ao irmandamento interpretando os himnos de Galicia e de Asturias.



Nas fotos de Miki López, Manuel Fernández Quevedo, Mari Luz Ania, Alfredo Canteli, Luis Antuña e Jacobo Cosmen pousan cos premios. Quevedo entrega un ramo de flores a María Victoria Menéndez-Castañedo, viúva de Pepe Cosmen. Marta, Canteli e Sina presentes no acto.



Especialidade en comidas caseiras  
988 25 28 78. Rúa do Páxar, 8 - Ourense



Tapas, revoltos, montados.  
Rúa Fornos, 2. Casco Vello OURENSE



Café  
Druida  
Especialidade  
en licor café  
e combinados  
Praza Maior, 8  
Ourense



Café Bar  
XESTAL  
Almorzos  
Viños  
Tfno. 988 24 79 18  
Avda. Bos Aires, 136  
OURENSE

## O XVII Festival Pórtico do Paraíso en Castro Caldelas, Ourense e Oseira

O XVII Festival Pórtico do Paraíso ofrecerá do 3 ao 12 de maio cinco concertos de músicos procedentes de Polonia, Serbia, Francia, España e Galicia. Nesta edición estréase como escenario o castelo de Castro Caldelas, que se suma ao mosteiro de Santa María de Oseira e á capela de Santo Ángel, o Teatro Principal e o Liceo en Ourense.

Jacobo Sutil, director da Aga-

dic, afirma que este é un “festival diferencial”, pois descentraliza a programación e pon en valor o noso patrimonio natural e arquitectónico”. Juan Enrique Miguéns, director do festival, agradeceu o patrocinio da Deputación de Ourense e a colaboración da Agadic. Asegurou que esta edición “é moi fiel ao noso estilo, á nosa maneira de facer as cousas, de levar música de distintas épocas e estilos, dende a música medieval ata a

de autores vivos, aos espazos da cidade e da provincia”.

O festival principia o día 3 de maio no Liceo de Ourense cun concerto do cuarteto vocal Cantoría, procedente de Barcelona. O día 5, no castelo de Castro Caldelas, o concerto correrá a cargo da polaca e Paulina Ceremuzyunsk e o galego Manuel Vilas. No Teatro Principal, o día 7, porase en escena unha moderna proposta titulada Música e memes. Xa o día



O festival será do 3 ao 12 de maio na provincia de Ourense.

10, na capela do Santo Ángel, Milos Milivojevic ofrecerá un concerto de acordeón e, finalmente,

o grupo francés Diabolus in música actuará o día 12 no mosteiro de Oseira.

## O Laboratorio de ideas en xestión de residuos busca solucións

O primeiro Laboratorio de ideas en xestión de residuos centrou a segunda xornada en buscar solucións aos retos que foron identificados na primeira sesión. Deste traballo en rede, no que participaron representantes e técnicos de concellos de toda a provincia, extraeranse conclusións que servirán para sentar as bases de futuras políticas provinciais en materia de xestión de residuos.

Desde 2022, a lei de residuos obriga aos concellos a buscar fórmulas para xestionar separadamente a materia orgánica, poñendo en marcha medidas tales como a concienciación e sensibilización ambiental ou o chamado “pago por xeración”, é dicir, a aplicación dunha taxa en función da cantidade de residuos que se producen, do mesmo xeito que se aplican as taxas polo consumo de auga.

Precisamente co obxectivo de desenvolver novos modelos de xestión adaptados ao territorio ourensán, a Deputación organiza por primeira vez este laboratorio de innovación, pois a busca de solucións á xestión dos residuos orgánicos nas zonas rurais e un obxectivo estratéxico, pois nun territorio co elevado índice de dispersión de poboación que ten Ourense, xéranse uns grandes custos económicos para a súa reco-



Participantes no primeiro Laboratorio de ideas para xestionar residuos.

llida. Cabe apuntar ademais que un recente estudo realizado pola área de Medio Ambiente da Deputación detectou un cambio de

hábitos no rural, que se reflicte nunha redución da compostaxe e o consecuente incremento da chamada “bolsa negra”.

**Torremolinos**  
café - bar  
Marcelo Macías, 35  
Tlf. 988 231 107  
OURENSE

**acouBAR**  
Comida tradicional galega  
Especialidade: Cachopo.  
Rúa Fornos, 6. Tno. 689 63 14 16 OURENSE

**D'AURIA**  
Ambiente acolledor para comidas e ceas de amigos  
Rúa Fornos, 2. Casco Vello. 988 54 16 44. OURENSE

**BAR ORELLAS**  
Orella, rabo, lacón, cachucha e polbo cocido e prensado. Lomo, chourizo, salchichón e marcón ibérico. Queixo manchego e Arzúa.  
Santo Domingo, 2  
988 37 25 59 OURENSE

## OURENSE

# Feira de Abril no Casco Vello de Ourense

Alguns establecementos de hostalería da rúa Lepanto celebrarán desde o xoves día 18 ata o domingo día 21 a Feira de Abril. A rúa Lepanto parte da Porta Norte da catedral ourensá ata a Praza do Ferro, no centro histórico da Cidade das Burgas.

A Feira de Sevilla de 2024 na capital andaluza comeza o domingo 14 de abril ás cero horas e finaliza o sábado 20 de abril ás 24:00 horas cun espectáculo de fogos artificiais. A "cea de pescaito frito" previa á inauguración da Feira é o sábado 13 de abril. Comeza a noite do "alumbrao", momento inaugural no que se acenden as luces do recinto feiral. Tras unha semana de festa constante, a Feira conclúe cun gran espectáculo de fogos artificiais xunto ao río Guadalquivir. A Feira é como unha pequena e engalanada cidade. Un mundo efémero onde as casas son casetas, a iluminación conséguese con faroliños e todas as rúas teñen nomes de lendarios toureiros.

A Feira de Abril neste recuncho de Ourense "celebráremola cos locais ambientados para o efecto,

combinando a nosa gastronomía e as bebidas coa andaluza", segundo explica a organizadora María de los Ángeles Otero Bouzas. Os locais terán música ambiental e os clientes que o desexen asistirán vestidos para a ocasión. Estes son os establecementos que participan na o feira.

**Galicia Gourmet.** Conservas do mar; vexetais e de carne; Conservas de Portugal; Embutidos galegos e ibéricos; Carnes exóticas; Patés; Queixos galegos e nacionais; Afumados, salgaduras e marinados; Polbo cocido; Bacallau salgado e desalado; Pan de Cea, Pitoes, Bicas, doces artesanais e chocolates; Viños e licores tradicionais; Lotes para agasallo. E, por suposto, para a ocasión teremos algún detalle para os amantes da gastronomía andaluza. Esperámosvos en rúa santo Domingo nº 4 (Praza do Ferro, Ourense)

**Las Tapitas de Marián.** Tortilla; empanadas de millo, de berberechos, de zamburiñas, de mexillóns; empanadillas de zorza e de carne. Tostas de polbo, de salmón, de bacallau e de queixo do país e en-

salada. Chistorra, sobrasada e ampla variedade de boliños. Frutas de lagostinos, arroz con zamburiñas. Croquetas variadas, ovos escalfados, patacas bravas. Sobremesas: filloas, torrijas, torta de queixo ao forno, queixo con arandos, torta de amêndoa de Allariz, coulant de chocolate.

**Taberna O Enxebre.** Mexillóns tigre; Croquetas de ibérico, de queixo de cabra, chacina, luriñas e mixtas; patacas bravas, alioli e mixtas. Empanada galega; guiozas de lagostino ao vapor; Tostas enxebre, de queixo de cabra con marmelada, noces, mel, rúcula, crujiente e de codordiz. Revoltos. Rablas de xamón e de queixo. Ensaladas de ventresca, de perdiz, sardiña afumada, amornada de vieiras e gambones. Luriñas, zamburiñas, chocos, polbo, risotto de vieiras e gambones. Ovos rotos. Carnes e sobremesas.

**Casa Cortés.** Zamburiñas, torreznos. Pratos típicos da cociña portuguesa: picado, carne de tenreira partida e salteada con champiñóns, olivas e unha salsa especial da casa; e o prego, que é unha



especie de montado en pan rústico. Luriñas á prancha. Croquetas de xamón caseiras. Chorizos ao viño, luriñas. Hamburguesa de tenreira e alitas con patacas. Pemento de Padrón, Raxo con patacas e ver-

duriñas.  
**O Capricho.** Ensaladas de ventresca de atún, de burrata e de queixo con brotes tenros e tomate sherry. Petiscos de: chistorra, lagostinos crujientes, queixo de





... Ven da páxina anterior.

Arzúa con anchoas. Racións de luriñas fritas e á prancha, crujientes de pito. Tequeños; croquetas, salomillo ibérico con foie. Rabas de lura; bolos de vento de bacallau; lasaña de carne; capricho ibérico; alitas de pito con patacas fritas; escalopines de tenreira; Zamburiñas. Pratos veganos. Tostas, hamburguesas, ovos rotos e pizzas. Sobremesas: Coulant e Brownie con xeado de vainilla. Xeado Kinder. Bebidas: manzanilla, rebujito e viño fino.

**O Trasno.** Racións: orella, polbo, luriñas, zamburiñas, lacón con queixo de Arzúa, carne richada, solombo, croquetas caseiras, alitas, espetada moura. Hamburguesas: simple, completa, trasno. Patatas: sin salsa, alioli, bravas, mixtas. Petiscos: orellas, polbo, tortilla, revoltoso, trasno, trampso.

**Fuentefría.** Clásicos: callos, empanada, xamón asado, tostas. Afumado: salmón, atún vermello, bacallau, anchoa, cabala, robaliza. Carnes: lombo de porco, solombo de tenreira, miniburguer. Queixo: país Arzúa, azul picón, ovella, rulo de cabra, táboa de queixos. Ensaladas: tomate, tomate con vestresca, tomate con cabala e ceboliña tenra, boqueróns.

**El París.** A cocíña de Hermitas: empanadillas de lombo, atún e zorza. Patacas cocidas con alioli.



María de los Ángeles Otero Bouzas.

Croquetas caseiras. Empanadillas de polbo con queixo San Simón. Morunos. Algo distinto: Luriñas recheas de espinacas, xamón ou queixo. Bocados de queixo azul. Tostas de bacallau afumado. Boliño de lacón asado. Tequeños. Descubre cal é o petisco da semana!

**Bar Orellas.** Petiscos, racións e bocatas de: orella, rabo; lacón,

cachucha e polbo cocidos e prensados; xamón serrano, lombo, salchichón e morcón ibéricos; queixos manchegos e de Arzúa; anchovas.

**A Nosa Taberna.** Arepas, empanadas, patacones. Racións. Hamburguesas; tostas; petiscos. Especialidade para compartir: tabla variada, parrilla a Nosa Taberna e parilla mar e terra.



Feira de Abril en Sevilla.

## “Ourense Dixital Pemes” impulsa a transformación dixital nas empresas



A Deputación colabora no programa formativo “Ourense Dixital Pemes” para impulsar a transformación dixital do tecido empresarial da provincia. Así o explicaron a vicepresidenta primeira da Deputación, Marta Nóvoa; o deputado de Novas Tecnoloxías, Xosé Miguel Pérez; e o presidente de ef Business School e do Centro de Estudos Superiores Universitarios de Galicia (CESUGA), Venancio Salcines, aos xerentes, directores e responsables de recursos humanos de pemes ourensás de entre 10 e 249 traballadores que asistiron á

xornada de presentación.

O Goberno de España vén de marcarse como obxectivo a transformación dixital definitiva das pemes mediante o desenvolvemento das competencias dixitais dos seus equipos directivos. Con este fin puxo en marcha o programa “Generación Digital Pymes”, financiado con fondos europeos Next Generation. “Trátase dun curso para que directivos e responsables de equipos de pemes poidan atender e desenvolver un plan de transformación dixital á medida das necesidades da súa empresa”, sinalou Venancio Salcines.

CASCO HISTÓRICO  
 OURENSE  
**Taberna Enxebre**  
 607 085 027 Lepanto, 14 baixo Ourense

**Galicia Gourmet**  
 25 años haciendo amigos  
 Seguimos trabajando para ti...  
 Almacén y oficinas: Ctra. de Baltar Km 3. Xinzo de Limia  
 Tenda: Santo Domingo 4, Praza do Ferro. Ourense  
 648 49 67 56 [www.productosdegalicia.com](http://www.productosdegalicia.com)

**Casa Cortés**  
 Torreznos e raxo  
 Rúa Lepanto, 24  
 988 29 19 25  
 OURENSE

**el París**  
 abril 1981  
 Pedidos por whatsapp:  
 621 341 998  
 Lepanto, 9  
 Ourense

## CONDADO/PARADANTA

## PEID para o campo de fútbol

O Concello de Arbo, recibe unha achega por importe de 33.268,59€.- da Deputación de Pontevedra ao abeiro do Plan Extraordinario de Infraestructuras Deportivas (PEID) para a reforma dos vestiarios do Campo de Fútbol Municipal de Arbo.

O obxecto do presente proxecto reside na intervención funcional consiste en aproveitar os dous espazos de grandes dimensións destinados a almacén e despacho, para crear dous vestiarios máis, reducindo a superficie de almacén e despacho e resolver as filtracións



de auga da fachada. Estes vestiarios son máis reducidos que os existentes, pero seguen a mesma organización formal para facilitar o trazado e conexión ás instalacións de saneamento e fontanería existentes.

## A Xunta incentiva o Distintivo de Artesanía Alimentaria

O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, José Luis Cabarcos, presentou nas Neves a xornada técnica "Requeixo e o Mel como produtos galegos de Artesanía Alimentaria" co obxectivo de protexer o bo facer dos artesáns tradicionais e defender a súa profesión ante etiquetaxes enganosas, co fin de conservar e preservar as elaboracións de produtos artesanais tradicionais arraigadas a nosa cultura.

A Xunta puxo en marcha o selo Artesanía Alimentaria no 2020 na procura dun sector estruturado en concordancia dos requisitos establecidos pola Unión Europea, sendo pioneira na regu-



lación dunha marca destas características, así como na creación de diversas normas técnicas e dos distintivos identificadores. Actualmente, están vixentes 14 normas técnicas: as do queixo, requeixo e os xeados (dentro dos derivados lácteos), a dos derivados cárnicos (embutidos, salgados, afumados, adubados, conservas cárnicas e patés), a da sidra e a da cervexa.

## O Bus do Teatro chega a Arbo

En colaboración co Centro Dramático Galego no seu 40º aniversario, o Concello organiza para o 18 de maio a actividade "Sube ao Bus do Teatro", dentro do Programa de Mobilidade do Centro Dramático Galego co espectáculo de teatro "Os Actos

e as Profecías" en Santiago de Compostela.

O espectáculo, dirixido por Tamara Canosa e Xacío Baño, ten como fio condutor os chamados talent shows, un dos formatos televisivos de maior éxito nos últimos anos.

## Nova Casa de Maiores en Arbo



A parroquia de Sela ten xa dúas Casa do Maior situada nas dúas vivendas dos mestres que o Concello ce-deu á Asociación Cooperativa Galega para o seu acondicionamento e xestión do servizo.

As casas do Maior son un servizo profesional para persoas de 60 anos en situación de dependencia moderada ou severa. Funcionan como pequenos centros de día en concellos de menos de 5.000 habitantes.

## XXVIII Arbomostra 2024

A última fin de semana de abril (26, 27 e 28 de abril), Arbomostra, feira agroindustrial e escenario central da 60ª Festa da Lamprea contará coa presenza de stand de artesanía, produtos da comarca, degustación de lamprea nas súas distintas variedades da man dun restaurante Arbense

maridada cos viños das adegas con D.O Rias Baixas e ao mesmo tempo maiores e pequenos gozan dunha ampla e variada programación cultural.

Na programación 2024 contará coa actuación dos grupos Prysmá, a Banda do Sequío, Mel de Meiga, o Son das Tabernas e Tonichi y Pacheco.

## O BNG solidarízase coa familia afectada por asolagamento en Arbo

A deputada do BNG no Parlamento Galego, Cristina Fernández, mantivo en Arbo un encontro cunha familia que leva 10 meses soportando a entrada de auga na súa vivenda a causa das obras de humanización dunha rúa.

A deputada comprobou que "os traballos no subsolo realizados nesta obra, financiada nun 70% pola Xunta de Galiza, provocaron o asolagamento na parcela desta familia e na súa

vivenda. A pesares das advertencias da familia, estas filtracións permanentes de auga no interior levan meses causando estragos na vivenda, no mobiliario e nos equipamentos da mesma, e que mesmo pode afectar á súa estrutura", lamentou Fernández, quen asegurou que rexistrará unha batería de preguntas no Parlamento Galego sobre os problemas causados por obras similares da Xunta.

forjados  
hinos. durain s.l.



www.forjadosduran.com

PINTURAS  
**BARCO LEÓN**  
PINTURA PLÁSTICA - BARNICES  
ESMALTES - PAPELES  
PINTAMOS SU CASA. PÍDANOS PRESUPUESTO



Paseo Matatino, 2. 906 660 179 - 686 571 679. Ponteareas  
Vilanova, 18. 906 651 145 - 609 366 364. A Cañiza



## San Nomedio quiere seguir libre de eólicos

As directivas das Comunidades de Montes de Vilacoba, San Pedro de Batalláns, Taboexa, Rubiós, San Xosé e Santiago de Ribarteme afectadas polo proxecto de parque eólico no monte de San Nomedio reuníronse esta semana para amosar a súa total oposición. Nas últimas semanas algunhas comunidades e tamén propietarios particulares da zona foron contactados telefonicamente ou tamén nunha visita aos barrios. Unha empresa de servizos topográficos pediúlles a actualización dos datos da propiedade de certos terreos, o que tería que ver co posible impulso do parque eólico nomeado "Coto dos Lobos" no monte San Nomedio.

Na reunión avalíouse a nova situación sobre un proxecto que



saíu a luz en 2021 cando os concellos recibiron consulta sobre o documento ambiental de inicio. Neste período de consultas as comunidades e o Concello das Neves presentaron alegacións en contra do proxecto que implicaría instalar 7 aeroxeradores de 220 metros de

altura na contorna do monte San Nomedio tendo a poboación máis cercana a só 504 metros, cos seus enormes vias de acceso, liñas eléctricas de enterconexión, etc, afectando así o medio natural, patrimonial, turístico, hídrico, paisaxístico e cultural.

## XXXI Festa do Requeixo e Mel nas Neves



As Neves celebrou con éxito a XXXI Feira do requeixo e mel, na que o Alcalde José Manuel Alfonso estivo acompañado polo conselleiro do Medio Rural en funcións, José González, así como doutras autoridades da Comarca.

Os asistentes agradeceron a colaboración do alumnado da Escola de Hostalería que participou no concurso. O titular do Medio Rural en funcións, que

entregou o segundo premio do concurso de "Receitas con Requeixo". No eido da promoción, a Xunta está levando a cabo o Plan anual de Promoción de produtos alimentarios galegos, dotado cun orzamento de 9,5 millóns de euros para o 2024 impulsando campañas de promoción específicas para o selo de Artesanía Alimentaria e da IXP Mel de Galicia, por un valor conxunto de 450.000 euros.

## Nova marquesina na estrada CP-9002 de Alxén

O Concello de Salvaterra ven de instalar unha nova marquesina en Alxén, na estrada CP-9002 fronte a Igrexa Parroquial de San Paio. Así, o Concello continúa coa instalación de novos refuxios cun deseño integrado as contornas rurais que se distribuen ó longo das parroquias de Salvaterra.

Nos últimos anos foron máis



dunha decena as marquesinas instaladas en Leirado, Meder, Pesqueiras, Alxén, Fiolledo, Couto e Fornelos; co fin de mellorar a accesibilidade para os veciños e veciñas. O Concello tamén segue a impulsar a renovación coa reforma das marquesinas de transporte público existentes, levando a cabo a adaptación de máis de 15 marquesinas.

## Punto Limpo Móbil 100% eléctrico

O Concello de Salvaterra está en fase de licitación para a compra dun vehículo 100% eléctrico que fará a función de Punto Limpo Móbil, para a recollida de residuos urbanos de recollida non convencional naqueles puntos e eventos que o Concello estime de interese, para favorecer a prevención, a recollida separada e para a adecuada clasificación de fluxos especiais de residuos.

Esta actuación se enmarca dentro do Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sostible elaborado polo Concello para o cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da ONU. A presente licitación ven da concesión dunha subvención por parte da Xunta de Galicia, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión EuropeaNextGenerationEU.

## Cociña no Campus da Pascua

No marco do Campus da Pascua organizado polo Concello de Salvaterra, os máis pequenos aproveitaron para coñecer as artes culinarias preparando postres como cake pops.



**El Rincón de Mary**  
SALVATERRA DE MIÑO Telf: 609 31 28 66

**CERRAJEROS Y MULTISERVICIOS HOGAR**  
**O REMENDÓN**  
637 764 865  
www.cerrajeroremendon.es 24h.

**CAFÉ-CONCERTO**  
**vagalume**  
RUA MARQUES DE VILACOBA, 11. SALVATERRA DE MIÑO  
www.vagalume-salvaterra.info

## BAIXO MIÑO

TUI

## Semana Santa de impulso turístico

A Semana Santa impulsou os datos turísticos do mes de marzo en Tui, tal e coma constatan as estatísticas da Oficina Municipal de Turismo de Tui, no paseo da Corredoira. Durante o mes pasado neste punto de información turística foron atendidos 1.191 visitantes, unha cifra que supera nun 60% á rexistradas no mesmo mes de 2023.

Do total de 1.191 persoas que demandaron información na Oficina de Turismo, 303 eran peregrinos e peregrinas e 888 turistas. Das persoas que estaban realizando Camiño Portugués, a meirande parte eran estranxeiros, 174 persoas, procedentes principalmente de Alemaña, Portugal, Reino Unido, Australia ou Estados Unidos. 129 eran de nacionalidade



española provenientes de Madrid, Barcelona, Las Palmas ou Murcia.

Mentres o turismo foi maioritariamente nacional xa que dos 888 turistas, 835 eran españois procedentes principalmente de Madrid, Asturias, León ou Biscaia, e 53 eran estranxeiros de Estados

Unidos, Reino Unido ou México.

En referencia co Camiño Portugués cómpre destacar que Tui foi en marzo o primeiro lugar escollido polos peregrinos do Camiño para iniciar a súa peregrinación con 1.870 peregrinos, seguida de Porto (1.105) ou Valença (968).

## Concentración Cabalar de San Telmo

Coincidindo coas Festas de San Telmo realizouse a tradicional e secular Concentración Cabalar de San Telmo na rúa Loureiro en colaboración de Hípica Marcos e de Equigalia.

A programación comezou o sábado 7 co Concurso de Salto Hípico San Telmo organizado por Equigalia. O domingo 8 foi a quenda para a Copa San Telmo de Horseball cun triangular sub 21 e un dobre sub 13, un concurso de saltos e a exhibición de enganche. Tamén houbo outras actividades coma o Poni Club. Na concentración outórganse premios especiais ao mellor



xinete, amazona, poni, carruaxe, burro, mula, e xinete e amazona máis novos. Tamén haberá ga-

lardóns para o tratante con máis cabezas, burros, ponis e cabalos.

## Curso gratuito de Marcha Nórdica

O Concello organizou este 3 de abril un curso gratuito de Marcha Nórdica na aula da UNED, actividade orientada a aprender desta disciplina deportiva nun entorno natural. Debe destacarse que o Concello de Tui é membro da Rede Española de Cidades Saudables.

O curso básico constará de dúas sesións de iniciación, que se realizarán dende o pavillón

da Macoca, nas seguintes datas: Primeira sesión - Sábado 13 de abril; Segunda sesión - Sábado 20 de abril. O prazo de inscrición finaliza o 11 de abril, tendo un máximo de 40 persoas participantes (a partir de 12 anos)

Posteriormente, levaranse a cabo 10 sesións de consolidación, percorrendo distintas zonas de xeografía tudense: 27 de abril; 4, 11 e 18 de maio; 8, 22 e 29 de xuño; e 6, 13 e 20 de xullo.

## XIV Semana de Teatro Amador



O Teatro Municipal de Tui acolleu a primeira semana de abril as novas montaxes dos grupos de teatro CAI do Espazo Xove, Chirlomirlo de Randufe, Aloia de Pazos de Reis, San Fins de Rebordáns e A Insua de Caldelas no marco das Festas de San Telmo.

A Compañía Artística Interdisciplinar do Espazo Xove, que dirixe Laura Villaverde foi a encargada de inaugurar o festiva con "Efecto rabaño". O grupo de teatro Chirlomirlo da Aso-

ciación Cultural Xuntanza de Randufe puxo en escena "Don Juan". O grupo de teatro Aloia da Asociación Cultural Aloia de Pazos de Reis estreou a obra "Proceso pola sombra dun burro". O grupo de teatro San Fins, da Asociación Cultural San Fins de Rebordáns estreou "A Familia". Pechou esta edición da XIV Semana de Teatro Amador o grupo de teatro A Insua da Asociación Cultural A Insua de Caldelas con "Os montesecos e os capulletes".

Máis información na nosa web

[www.novasdoeixoatlantico.com](http://www.novasdoeixoatlantico.com)

**M**  
INMOBILIARIA  
**MERCA VENDA**

Casas  
Locales  
Fincas  
Pisos

Ventas  
Alquileres  
Tasaciones  
Presupuestos

Telfs: 986 642 510 - 645 882 020  
Avenida Rosalía de Castro nº4, bajo, 36860 Pontearas  
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

**ALFESO**  
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES  
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B Pontearas T. 986 66 00 00

TUI

## Os veciños participarán na nova ordenanza da Praza de Abastos

O Concello de Tui abriu unha consulta pública ante a elaboración dunha nova Ordenanza reguladora do Mercado Municipal de Abastos solicitando á poboación en xeral, aos praceiros e ás organizacións máis representativas que puideran estar afectadas polo documento o seu parecer sobre os problemas que se pretenden solucionar con esta iniciativa, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma, e as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Coa redacción dunha nova ordenanza preténdese mellorar a calidade de prestación do servizo municipal e adaptar o texto aos



novos tempos e realidade social, asegurando o abastecemento de artigos de primeira necesidade e favorecendo a súa competencia en prezos de competencia e calidade. Logo de vinte anos de vi-

xencia da actual ordenanza, o novo texto detallará as normas xerais de funcionamento da Praza de Abastos, os dereitos e deberes das persoas concesionarias e actualizarase o réxime sancionador.

## Renovada a Mesa do Camiño de Santiago

Este 11 de marzo o Alcalde Enrique Cabaleiro e a concelleira de Turismo, Ana Núñez, renovaron a Mesa do Camiño de Santiago, creada en 2019 e que ten por obxectivo a cooperación entre os axentes públicos e privados implicados na xestión do Camiño de Santiago no municipio. Na Mesa están incluídos representantes dos establecementos de restauración e aloxamentos, de empresas de servizos a peregrinos, de asociacións de amigos do Camiño e da igrexa.

No balance da xestión 2019-2023 destacou o Alcalde a cubrición de contedores de lixo na traza do Camiño; seguridade viaria: paso de peóns en A Virxe do Camiño-Rebordáns ou andadeiros na rúa Arraial e outras; humanización da rúa Antero Rubín e 1º tramos de Cöengo Valiño; sinalización turística de elementos sin-



gulares: Ponte Internacional, Ponte da Veiga, Virxe do Camiño, Ponte das Febres; outras actuacións en materia de promoción e actividades culturais; o inicio das obras de humanización da Avenida de Portugal; e o interese polo vehículo autónomo que se está a probar na Eurocidade e que se espera funcione como unha lanzadeira que mellore a conexión Valença-Tui.

Os representantes hostaleiros consideraron a necesidade de mellorar a conectividade de Tui por transporte público e vía férrea para unha maior afluencia de peregrinos e a competencia desleal de establecementos sen licenzas. Constataron igualmente o incremento de peregrinos que chegan a Tui realizando o Caminho Português da Costa, procedentes de Caminha e Vilanova de Cerveira.

## III Encontro dos viños da Raia



A praza da Inmaculada acolleu este 30 e 31 de marzo o III Encontro de Viños da Raia, unha das citas enogastronómicas do programa das Festas de San Telmo 2024.

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, afirmou que este Encontro de Viños da Raia é un

evento singular e único polas súas características coa presenza de adegas pequenas, de produción ecolóxica, procedentes de lugares como Caminha, Monçao, O Rosal e Arbo. O evento terá atraccións como o I Concurso de Cata, showcooking, actuacións musicais e de animación.

## Vixésimo aniversario do Play Doc



Do 1 ao 5 de maio, Play-Doc, o festival internacional de cinema de Tui, celebrará unha longa traxectoria que se destaca por presentar primeiras retrospectivas dedicadas a aclamados cineastas e directores de culto como Albert Maysles, Charles Burnett, Artavazd Pelechian, Bette Gordonou Kidlat Tahimik, Danny Lyon, Nicolás Guillén Landrián, Ozualdo R. Candeias, Aravindan Govindan ou Luigi Dei Gianni.

Nesta nova edición, Play-Doc

ofrecerá unha programación coherente co seu singular carácter e tamén coa súa evolución ao longo de todos estes anos, na que abundan as presentacións inéditas e os descubrimentos. Play-Doc anunciou unha retrospectiva dedicada a William Friedkin (1935-2023), un dos realizadores máis influentes de todos os tempos e autor dalgunhas das películas máis emblemáticas do cinema contemporáneo, cuxos orixes como cineasta estiveron ligados ao cinema documental.



**GASOLEOS  
TEA S.L.**

Distribuidor oficial REPSOL para:  
**CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN**

**SERVICIO A DOMICILIO**

**PONTEAREAS** | 986 66 13 90  
986 66 13 89

**A GUARDA** | 986 61 43 61





**Óptica mahen**  
mahen .....  
Ópticas desde 1939



Nº Reg. Comercio F.36-800136

**PONTEAREAS**  
rúa senén caído, 4

## BAIXO MIÑO/VAL MIÑOR

## O PSOE de Tomiño esixe melloras no acceso ao Centro de Saúde

No último pleno municipal, as concelleiras socialistas preguntaron pola accesibilidade das persoas doentes e das traballadoras ao Consultorio de Goián situado na rúa Rosalía de Castro, que só ten un carril polo que circulan vehículos e que serve de aparcamento.

Tamén esixiron un espazo reservado para o persoal sanitario e facilidades de acceso da ambulancia para atender urxencias. Así mesmo pediron a retirada dos maceteiros, a creación de prazas de aparcamento para ambulancia, para persoas con mobilidade reducida, e tamén para os propios



traballadores. A apertura do Consultorio de Goián foi unha das moitas reivindicacións da Plataforma pola Sanidade Pública de

Tomiño formada por veciños e veciñas que se mobilizaron para que a atención primaria neste Concello sexa de calidade.

## O PP de Tomiño esixe responsabilidades políticas por sanción tributaria

A voceira do PP de Tomiño Lara Meneses revelou que o Concello pagou finalmente a sanción imposta pola Axencia Tributaria, a comezos do pasado ano 2023, polo uso fraudulento de gasóleo bonificado nun vehículo empregado en tarefas municipais e vai esixir explicacións públicas e a depuración de responsabilidades políticas no seo do goberno nacionalista.

Meneses criticou que esta situación confirma o "descontrol total e absoluto" sobre o uso dos



35 vehículos municipais. Ademais engadiu que o pago desta multa demostra que si había responsabilidade do executivo nacionalista neste asunto e que "mentiron

descaradamente e sen ningún rubor". Tamén amosou a súa preocupación polo estado das cámaras de vixilancia de tráfico instaladas no centro da vila e en Goián.

## O BNG de A Guarda esixe melloras de acceso á muralla

O voceiro do BNG Anxo Baz informou da presentación dunha moción para que o Concello se comprometa no menor tempo posible a realización da obra de acceso á rúa Baixo Muro, dentro da antiga muralla defensiva, e cuxo acceso só é posible a través dunha escaleira, que impide o tránsito de persoas con mobilidade reducida e dificulta enormemente a intervención dos servizos de urxencia e a recollida de lixo.

En maio de 2021 foi aprobado á modificación puntual número 5 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de A Guarda que tiña como finalidade a conexión da Rúa Baixo Muro coa Rúa Ireira, para dar cumprimento ás medidas á que obriga a lei en materia de accesibilidade. Na actualidade, o expediente de expropiación está paralizado, e o Concello acaba de renunciar a unha partida do plan Concellos 22/23 para a execución da obra.

## Falsidades electorais do PP

O portavoz municipal do BNG da Guarda, Anxo Baz, denunciou no debate sobre os orzamentos para o ano 2024 "as mentiras do Alcalde Roberto Carrero á cidadanía" como por exemplo que "non adiquen nin un só euro á compra dos terreos para a construción do CIS" (Centro Integrado de Sanidade) tal e como anunciou o PP durante a recente campaña electoral tras asinar un convenio

co Conselleiro de Sanidade.

Denunciaron igualmente que o actual goberno municipal "gastou máis de 615.000 €, algo máis do 8% do total dos orzamentos antes da súa aprobación" e que os investimentos reais "baixan un 40% respecto aos últimos orzamentos aprobados no 2021, pasando de 106.143,12 € a 64.273,97€ no 2024". Criticaron unha política de "abandono, deixadez, e pasividade".

## Nigrán duplicará o investimento do 'Servizo de Axuda no Fogar'

O Concello de Nigrán duplicará o investimento no 'Servizo de Axuda no Fogar' pasando dos 580.000 €/ano actuais a 1,3 millóns de euros/ano co obxectivo de dar

cobertura a todos os grandes dependentes do municipio. Trátase dunha suba dun 700 % con respecto ao contrato que rexeu ata 2021 (165.000 €/ano) e dun 125 % con respecto ao actual.

# PFC Condado

TANATORIO ARBO

TANATORIO PONTEAREAS

TANATORIO TUI

TANATORIO TOMIÑO

## A Deputación de Pontevedra reordena as súas Vicepresidencias

A renuncia o pasado 19 de febreiro e posterior retirada da política de Marta Fernández-Tapias como Vicepresidenta Segunda da Deputación de Pontevedra deu lugar a que o presidente deste ente provincial Luís López, tivera que reordenar o organigrama de principais cargos. Así nomeouse a Rafa Domínguez como novo Vicepresidente Primeiro e a Laura Sánchez como a nova Vicepresidenta Segunda.

Tanto como substituír ao pre-

sidente López ante calquera ausencia, Domínguez asumirá tamén as competencias de xacementos arqueolóxicos, con especial énfase no proxecto de rehabilitación do convento de Santa Clara e entorno.

Pola súa banda, a aposta pola viguesa Laura Sánchez asúmese como politicamente estratéxica para a Deputación: terá responsabilidades en Promoción Económica, Emprego e Deportes ademais de deputada delegada en Vigo. Na súa toma de posesión Sánchez

definiu o seu labor como a "interlocutora de referencia da cidade d Vigo e do seu entorno". Intúese que Sánchez terá a partir de agora un peso político clave dentro da nova configuración do PP de Vigo trala marcha de Fernández-Tapias. Os 'populares' vigueses están actualmente baixo unha xestora coa dirección provisional da Delegada da Xunta en Vigo, Ana Ortiz.

Neste reordenamento de funcións destacan igualmente a do deputado e Alcalde de Cerdedo-



Cotobade, Jorge Cubela, quen asumirá a partir de agora a área de Cultura ademais das que xa tiña de Xuventude, reto demográfico e desenvolvemento rural. Toda vez

o arousano Javier Tourís asumirá a xestión da Estación Fitopatolóxica de O Areiro, completando as súas competencias en acción comunitaria e equipamentos públicos.

## 90.000€ para axudas de edición en galego

O 26 de marzo rematou o prazo da Deputación de Pontevedra para optar ás axudas para a edición de obras en galego de difusión cultural e de interese social dotadas, que este 2024 conta cun orzamento de 90.000 euros. A convocatoria está dirixida a entidades sen ánimo de lucro que poderán reci-

bir ata 12.000 euros.

Os traballos subvencionados, de carácter divulgativo, deberán tratar aspectos relacionados coa provincia, co seu patrimonio material, inmaterial ou artístico, ou con persoas e colectivos relevantes desta. Valorarase a calidade técnica da proposta e a achega da publicación ao desenvolvemento,

á normalización e promoción da lingua galega, ao fomento do patrimonio galego, á recuperación da memoria histórica, á igualdade de xénero, á diversidade funcional e á conservación do medio. Ademais deberán estar editados en galego normativo e non poderán ser distribuídos como suplemento doutra publicación.

## III edición de "Voando nas Rías Baixas"

Esgotáronse as 25 prazas para a terceira das rutas ornitolóxicas deste ano do programa "Voando nas Rías Baixas", que promove a Deputación de Pontevedra en colaboración con SEO/BirdLife e que se desenvolverá o vindeiro 7 de abril polas ribeiras do río Umia ao seu paso

polos concellos de Ribadumia e Cambados.

O tramo do río polo que discorre a ruta está protexido pola Rede Natura 2000 e conta con paisaxes moi atractivas para as aves acuáticas como garzas, limícolas, gai-votas, patos e corvos mariños. O percorrido é ofrecido por guías

de ornitología de SEO/BirdLife. En total, son sete as rutas ornitolóxicas programadas. Despois da Serra do Suído, as rutas continuarán en xuño pola praia da Lanzada (O Grove), en setembro polas lagoas de Rouxique (Saxenxo) e en novembro polo esteiro do río Miño (A Guarda).

## A Deputación incentivará os ODS a nivel local



O Salón de Actos do Edificio Administrativo da Deputación acolleu unha xornada do Fondo Galego de Cooperación para poñer en valor a incidencia dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible no mundo local. No encontro analizaráronse as oportunidades que brinda a Axenda 2030 para os concellos.

"Todos os ODS son locais", xornada do Fondo Galego de Cooperación enmarcada no proxecto europeo "People & Planet: un destino común", tiña por obxectivo xerar un diálogo aberto, analítico e construtivo entre representantes dos concellos para explorar conxuntamente estratexias para localizar a Axenda 2030 de maneira efectiva.



Tlf.: 986 65 80 18  
Fax: 986 65 82 69  
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros  
Salvaterra de Miño

## Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

## Feira do Viño do Ribeiro do 3 ao 5 maio

O cartel gañador da 61 edición da Feira do Viño do Ribeiro está deseñado por Alexandra Pérez Quiroga, galega residente en Lyon (Francia), e foi elixido entre 74 propostas presentadas nesta edición do concurso. Ela vive en Francia dende fai oito anos. Traballa como ilustradora e deseñadora gráfica dende 2015. No seu traballo, como na vida real, sostén, intenta dar un toque de humor, simbolismo e accesibilidade. Crea composicións que despertan a alegría, a curiosidade e que o público poida conectar nese sentido. O seu traballo artístico inspírase na mitoloxía, a natureza e a cultura popular. A artista tamén indica que lle interesa moito o misticismo do folklore coma os contos e as historias de tradición oral galegos.

O xurado tivo que deliberar entre 20 obras preseleccionadas polo público. Un total de 354 persoas emitiron os seus votos



Presentación en Ribadavia da 61 edición da Feira do Viño.

dende o 19 ata o 28 de xaneiro. Todas elas foron sometidas ao xuízo, resultando a obra gañadora premiada con 1.000 euros. Participaron como membros do xurado: Juan M. Casares, presidente do C.R.D.O. Ribeiro. María Luz Expósito, segunda tenente de alcalde do Concello de Ribadavia. Jaime Díaz, de Incubarte, creatividade multicanal e Luís Estévez, de Oeste Marketing.

Juan Manuel Casares comentou: “consideramos un éxito o de volver ao formato anterior de selección do cartel a través dun concurso. Quero salientar o obxectivo de lograr unha alta participación popular na preselección do cartel que representará esta feira, na que votou moita xente: veciños de Ribadavia, visitantes da mesma e moitas máis persoas dos concellos de arredor.”

## A Festa do Boi de Allariz será do 25 de maio ao 2 de xuño



A asociación Cultural Xan de Arzúa e Concello de Allariz presentaron a Festa do Boi 2024 que terá lugar do 25 de maio ao 2 de xuño. Un ano máis, durante nove días desenvolveranse máis de 50 actividades. Música, teatro, actividades infantís, encontros populares e, por suposto, as saídas do boi centrarán a programación festiva.

Asociación Xan de Arzúa aposta polo carácter cultural e histórico da festa potenciando actividades como a procesión medieval na que participan máis

de vinte gremios. Arredor de 600 persoas ataviadas cos seus respectivos traxes representan, de xeito divertido, a orixe da Festa do Boi.

Unha das novidades de este ano é a recuperación da comida popular do sábado, que se celebrará en Paicordeiro o día 25. Ese mesmo día ás 16:00h haberá Foliada con Xisco Feijóo. Dende a organización convidan a todas as persoas que se acheguen se queren co seu instrumento para festexar todos e todas xuntas o inicio da festa.

## Museo da Ribeira Sacra en Castro Caldelas

A Ribeira Sacra completará a súa riqueza cultural coa próxima apertura do Museo da Ribeira Sacra en Castro Caldelas, que está ultimando os preparativos para a súa definitiva posta en marcha. Así quedou

de manifesto nunha reunión que mantivo o presidente da Deputación, Luís Menor Pérez, con Olegario Sotelo Blanco, patrono e impulsor da fundación que leva o seu nome, a prol da riqueza etnográfica da provincia. No en-

contro de traballo tamén estiveron presentes como membro da fundación Bautista Sotelo, ademais de Marcos Vázquez, director da área de Cultura; e Aurelio Gómez Villar, asesor deste departamento.

Menor valorou a importancia deste proxecto, que conta coa plena cooperación da Deputación e que seguirá “intensificándose” en próximas datas para poñer a disposición da cidadanía un museo que recollerá a inmensa riqueza etnográfica da Ribeira Sacra. “Tanto é así que a exposición renovarase con certa periodicidade, dado o gran volume de fondos do que dispón a fundación”. A natureza e o valor das pezas, dixo Menor, unido á situación nun edificio singular ao carón do castelo, en pleno corazón de Castro Caldelas, “fará deste museo un atractivo máis para un lugar máxico e un xeo-destino como é a Ribeira Sacra”.



**VIÑA do CAMPO**



[www.bodegasdocampo.com](http://www.bodegasdocampo.com)

Tlf. 988 470 258

Sampaio. Ribadavia - Ourense

**Ribeiro**